

CAXADE

Coa tía Banda de música

FOLK INDIE

ARTISTA/BANDA

Premio Martín Códax 2016 na categoría de Folque

Caxade é o proxecto persoal de Alonso Caxade. Folk-pop cun arredando a música minimalista e a sons bucólico-pastorís da vella Europa. Música elegante, modesta e sinxela, surrealismo posmoderno e discurso reivindicativo, metafórico e irónico.

Caxade é unha banda musical, pero nace no último trimestre do 2012 como proxecto audiovisual transgresor, coas videocreacións “Dança dos Moscas”, “Gente Pota” e “Sr. Xorda” (con Javier Antelo Seoane, Iria Pinheiro e Tânia Ameneiro).

En novembro de 2013 edita no selo cooperativo “Discos da Máquina” o seu primeiro traballo discográfico *A Dança dos Moscas* coa banda formada por Manu Paino (trompeta e carilhom), Manu Espinho (bombardino), Xosé Tunhas (batería) e o propio Alonso Caxade (voz e acordeón).

Dous anos despois (decembro de 2015) sae á venda o DVD CD *A Dança dos Moscas Ao Vivo* gravado coa Banda de Música da Bandeira e, xa en 2016, o seu último traballo, *E isto é o amor*.

O ESPECTÁCULO

Coma naquela ocasión especial do CulturGal 2014, en que Caxade gravou o disco *A Dança dos Moscas ao vivo* coa Banda de Música Recreativa e Cultural da Bandeira no Pazo da Cultura de Pontevedra, nesta ocasión pode ser a banda de música do teu concello quen acompañe á banda nun concerto impresionante, cunha sonoridade que mestura vangarda e tradición. Todo un espectáculo, en gran formato, para escoitar os temas estrela de Caxade, dos discos *A dança dos Moscas* e *E isto é o amor* coa nosa banda de sempre, nunha combinación única.

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Alonso Caxade: voz e acordeón

Manu Paino: trompeta e carilhom

Manu Espinho: bombardino

Xosé Tunhas: batería

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)